Yolanda García / redac.viveiro@lavoz.es

**Festejos patronales** La localidad, a punto de entrar en los días grandes de la cita



**Un auditorio lleno de multitud de seguidores.** El «gran karaoke» tiene su versión infantil y juvenil, que se celebró ayer (en la imagen), y otra sénior que será hoy, a partir de las 21.00 horas. Siempre, en el mismo lugar, el auditorio de la Casa da Cultura burelense que ya acostumbramos a ver de lleno total con motivo de esta cita, antesala de los grandes días festivos. FOTO **PEPA LOSADA**

# La afición al «gran karaoke» crece en Burela

Los temas a interpretar varían mucho según la generación que cante. Anoche cantaron a Yatra, Morat, Coque Malla

**Jueves 30 • 21.00 horas • Auditorio municipal de la Casa da Cultura •** En un momento en el que los llamados *talent show* de la televisión como *La Voz* u *OT* no pierden para nada audiencia, sino que conservan sus más fieles seguidores, Burela también sigue echando mano de su llamado «gran karaoke» para animar la antesala de los días grandes de las fiestas. Y es una cita, además, que llena el auditorio tanto como el día en que allí actuó Ara Malikian. Solo que en el escenario lo que hay es puro talento burelense. Ayer le tocó el turno a los pequeños y a los jóvenes y hoy será a los adultos.

**Las canciones**

Los temas elegidos varían notablemente según se trate de una generación u otra. Así, en la fase infantil y juvenil de ayer sonaron canciones como, por ejemplo, *Un año* de Sebastián Yatra y Reik, *Presiento* de Morat y Aitana o *No puedo vivir sin ti* de Coque Malla. A mediodía eran 16 los inscritos (el apartado juvenil creció notablemente en participación). Sin embargo, la nostalgia musical se apodera a medida que uno avanza en edad. Hoy se prevé que se canten clásicos de Antonio Flores o de su madre Lola, de Domenico Modugno, Albano, Bertín Osborne... aunque también Rihanna. «É das citas que gustan en Burela», confirmó Paco González, de la comisión.

**Entrevista** Alberto Rapa, responsable da alfombra no tramo da igrexa

## «Sempre hai medo de se non chegan as mans»

*Este sábado será o día sinalado para a confección do tapiz na honra da Virxe do Carme, e dedicado aos videoxogos*



Alfombristas de varios tramos, xunto a Alberto Rapa. **PEPA LOSADA**

Amais de ser o presidente da Asociación O Vencello, Alberto Rapa é responsable dun dos tramos de alfombra floral de Burela que se confeccionará este sábado, dentro das festas patronais da Virxe do Carme e san Xoán Bautista. Aquí dá algunhas claves dese fermoso traballo, pero que require un notable esforzo veciñal e voluntario, así como a idea de como promocionalo.

**—A verdade é que o valor sentimental da alfombra é grande. Pero cal sería o económico? Se é posible calculalo, claro.**

—Non sei dicir... Temos unha achega que nos dá a comisión, de 3.000 euros, pero hai que sumar as serraduras tinguidas e as doce toneladas de sal que paga o Concello de Burela. Ademais, en cada tramo hai xente que doa diñeiro para a alfombra ou flor, ou faino a través de florerías. O valor real? Non sei. Ademais, cada tramo xestiónase por separado. Por exemplo no noso, o da igrexa, puxemos huchas e recadamos case mil euros. Tamén se fan doazóns en especie, pois hai xente que merca flor e tráenola.

**—Moito sal leva a alfombra!**

—Unha gran parte utilízase para confeccionar a greca. Tanto a tinguidura do sal como das serraduras fana traballadores do Concello.

**—A idea das camisetas é nova, para recadar fondos.**

—A idea xurdiu o ano pasado, cando faciamos o 25 aniversario. Por que non facer unha camiseta conmemorativa? Quedou bonita, gustou.

**—Este ano o tema da alfombra ten que ver cos máis novos.**

—Este ano o tema está como dividido en dous. Por un lado temos os rosetóns grandes que dedicamos a videoxogos como *Supermario*, *Comecocos*... O resto dedicámolo ao mundo do cómic. Vai ser unha alfombra moi colorida. A greca dedícase ao *Tetrix*.

**—Que necesitan este ano?**

—Este ano talvez máis flor, porque a margarida e outras flores recóllense polos campos, pero con este tempo tan cambiante é complicado e temos que recorrer máis a flor comprada. Tamén necesitamos xente que colabore o sábado, sexa media hora, unha, dúas... para que se poida acabar a tempo. Sempre imos co medo de se non chegan as mans. O ano pasado a participación subiu. Non queremos que esta tradición se perda, baixo ningún concepto.

**—Algunha idea para o futuro?**

—Está en proxecto intentar facer unha asociación. Esa idea roldaba xa o ano pasado. Porque cremos que cumpre os requisitos para ser festa de interese turístico galego.



**A la venta camisetas para recaudar fondos.** Son las oficiales de la alfombra floral, a 7 euros. Se venden en A Tenda do Roxo, en tres tallas infantiles y también desde la S a la XXL. Otro fin es lucirlas este sábado. FOTO **XAIME F. RAMALLAL**



**«Son tres semanas as que dedicamos ao cortado do verde».** Desde hace semanas ya están en marcha los preparativos de la alfombra. Esa parte «faina moita xente maior» y «é moi dura e ás veces non se ve», dice Rapa. FOTO **P. L.**

**Arriba o pano!**

ESTÍBALIZ VEIGA

### *Delito*

O «stalking», un dos delitos que se poden presentar mediante o uso de redes sociais. O acoso como delito, no art. 172, n.º 1 da Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, que o establece como delito contra a liberdade, tamén chamado crime de acoso. Levado a cabo por quen observa, persegue e/ou contacta a outros a través de medios electrónicos ou a través de redes sociais. Delito ben castigado tendo en conta que a persecución cambia seriamente o desenvolvemento da vida diaria dos afectados, limitando a súa liberdade de actuar e implica medo ou incomodidade no cotiá do día a día.

Calumnias: delito feito con coñecemento da súa falsidade ou imprudencia por ignorar a verdade (art. 205 do Código Penal).

Inxuria defínese como a acción ou expresión que prexudica a dignidade doutra persoa, minando a súa reputación ou socavando a súa propia estimación (artigo 208 do Código Penal). Para o caso destes crimes subliñar que o criminal viola o dereito ao honor, á privacidade e á propia imaxe dos afectados,

Eu tamén padezo destas situacións que por suposto, puxen en man de profesionais. As redes sociais dun perfil público están expostas a que calquera covarde, incapaz de dar a cara, refuxiándose en perfís falsos, poida atacar sen (á primeira) ser encontrado. Confío plenamente na policía, pois cada vez están máis equipados e preparados para chegar a estas URL (incompetentes e sen dignidade, ademais de ser delincuentes tipificados pola lei). Fágoo público porque eu son maior de idade, levo traballando e cotizando na Seguridade Social dende os 16 anos e non me afectan estes «comportamentos alleos» á hora de seguir no meu «camiño», pero se tivera unha filla estaría alerta pola falta de escrúpulos, ética e educación que permiten as redes sociais.

Menos mal que son poucos e covardes.